

CORRECCIÓN DE ERROS

No BOP número 46, do 26 de febreiro de 2016, publícase anuncio de licitación da explotación do servizo de cafetería-restaurante no edificio da aula de interpretación do Río Chamoso.

Advertido erro no apartado 4, canon a pagar polo adxudicatario, queda redactado do seguinte xeito:

4. Canon a pagar polo adxudicatario: establécese un mínimo de 254,24 € mensuais en concepto de prezo e 53,39 € mensuais en concepto de IVE (307,63 € mensuais IVE incluído). O canon mínimo a pagar en tres anos ascende a 9.152,64 €, sen IVE, e 1.922,05 € de IVE.

Segundo o Art. 88 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido. No anuncio publicado o valor estimado do contrato é correcto, sendo erróneo unicamente o IVE consignado, polo que o presente anuncio non implicará a ampliación do prazo de presentación de ofertas, que será de 20 días naturais a partir da publicación do anterior anuncio no BOP de Lugo (26 de febreiro de 2016).